



DÚATLON CIDADE DE SANTIAGO
25 ABRIL 2026



Proba de promoción NON competitiva

CIDADE DE SANTIAGO

(25/ABRIL/2026)





ORGANIZA:

- Club Triatlón Inforhouse Santiago.
Persoa de contacto: Ignacio Varela Pérez.
Teléfono: 661723261 Email: club@triatloninforhousesantiago.com
- Concello de Santiago.
- Federación Galega de Tríatlon e PM.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Estadio Municipal Verónica Boquete, San Lázaro, Santiago de Compostela
(<https://maps.app.goo.gl/DSQgqPztiA2Mgx9p6>)

DATOS DA PROBA:

PROBA NON COMPETITIVA.

Só poderán participar deportistas da categoría prebenxamín con licenza FEGATRI de tempada.

HORARIOS:

COMEZO DA COMPETICIÓN:

ENTREGA DE DORSAIS	APERTURA CONTROL DE MATERIAL	PECHE CONTROL DE MATERIAL
10:30	11:30	15 minutos antes da saída

SAÍDA:

CATEGORÍA	CÁMARA DE CHAMADAS	SAÍDA
Prebenxamín	12:05	12:15

PERCORRIDOS:

CATEGORÍA	CARREIRA A PÉ		BICICLETA		CARREIRA A PÉ	
Prebenxamín	250 m.	1 Volta	1.000 m.	1 Volta	125 m.	1 Volta





PREMIOS:

NON COMPETITIVA. Medallas e agasallos para os/as participantes na liña de meta.

INSCRICIÓNS:

Inscripción gratuíta (Só deportistas con Licenza FEGATRI da tempada).

Ata o **MARTES 21 DE ABRIL** de 2026.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon: www.fegatri.org, no apartado Inscricións.

CONTROL DE MATERIAL:

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control.

Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados/as, levando xa todos os dorsais colocados (corpo, bici e casco) e o casco posto e abrochado.

SAÍDA:

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando na cámara de chamadas.

Os oficiais e persoal da organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída.

META:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse sen pararse á zona próxima de post-meta onde se lles entregarán medalla, agasallo e avituallamento e continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e ir recoller a bicicleta.

INFORMACIÓN DE INTERESE:

- A secretaría da competición ubicarase en frente a entrada principal do estadio.
- Os vestiarios e as duchas estarán no interior do Estadio Verónica Boquete.
- Os aseos atópanse na parte exterior do estadio, o lado da Porta 1.
- Haberá servizo de gardarroupa no recibidor da entrada do Estadio Verónica Boquete.
- A zona de transición de bicicletas estará situada en frente a entrada principal do estadio. Será de acceso exclusivo de participantes e persoal da organización, así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.

- Disporase dun servizo de ambulancia de Soporte Vital Avanzado con médic@ dende as 09:30 ata as 20:30 horas. Estará situada na Porta 1 do Estadio Municipal Verónica Boquete, zona de Tribuna.
- Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular, poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre duatletas, polo que se lles deberá ceder o paso.
- Seguro de accidente: toda a documentación referente á cobertura do seguro está disponible [na páxina web](#) do programa Xogade. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.
- A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba. Todos/as os/as participantes respectarán as normas de Circulación e Seguridade Viaria.
- Os circuítos estarán senalizados cos medios adecuados (vallas, cintas e conos) e con persoal da organización que estarán debidamente identificados (chaleco de seguridade reflectante).
- Os vehículos motorizados e bicicletas que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuítos das probas. Aqueles que realicen o seguimento das probas levarán unha identificación visible en todo momento.
- Os/as participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese a ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.
- O rematar as probas deixaranse as vías e os seus arredores no mesmo estado no que se atopaban antes da celebración das probas.



APARCAMENTOS RECOMENDADOS:



CIRCUITOS:

SAÍDA	PROBA E PERCORRIDOS
12:15	NON COMPETITIVA

CARREIRA A PÉ: 1 VOLTA (250 METROS)



BICICLETA:1 VOLTA (1.000 METROS)



CARREIRA A PÉ: 1 VOLTA (125 METROS)

